

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE JUGADORES ANÓNIMOS (AGAJA) PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DO 25º CONGRESO NACIONAL DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE JUGADORES DE AZAR REHABILITADOS (FEJAR) E OS ACTOS DE CELEBRACIÓN DO 35º ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN.

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Miguel Corgos López-Prado, en nome e representación da Consellería de Facenda e Administración Pública, actuando no exercicio do seu cargo, ao abeiro do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e en virtude das facultades que lle atribúe a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, José Luis Comesaña Lorenzo, presidente da Asociación Gallega de Jugadores Anónimos (AGAJA), inscrita no Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma co nº 2004/7429-1ª.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica e poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar ás súas representadas e a tal fin,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, é o departamento da Xunta de Galicia que ten atribuídas as competencias e funcións en materia de xogo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Segundo. A Asociación Gallega de Jugadores Anónimos (AGAJA) é unha asociación sen ánimo de lucro fundada en 1990 e con sede actualmente en Vigo. Adícase a prestar asistencia e atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, apoio ás súas familias, así como a realizar funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.

Esta asociación desenvolve accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento en materia de xogo responsable. O seu programa de actividades abarca:



- a) Dinamización dun espazo de encontro
- b) Organización de actividades socioculturais, deportivas, lúdicas ou de calquera outro tipo
- c) Organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos análogos
- d) Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación

Terceiro. Entre os fins de AGAJA están os seguintes:

- a) Auxiliar e colaborar con persoas ou colectivos de persoas que teñan ou poidan ter trastornos de conduta, control ou doutra natureza derivados dos xogos de azar ou doutro tipo de actividade que constitúa ou poida constituír un trastorno psicolóxico de conduta.
- b) Desenvolver os dereitos, auxilio, colaboración e solidariedade cos familiares ou persoas afíns ás persoas e colectivos reflectidos no punto anterior afectadas pola súa conduta.
- a) Levar a cabo as actividades terapéuticas ou lúdicas precisas para a recuperación das persoas con trastornos derivados dos xogos de azar ou semellantes, e dos seus familiares.
- b) Promover e apoiar a súa reinserción social, e a dos seus familiares ou persoas afíns.
- c) Sensibilizar á sociedade en xeral e, especialmente no ámbito familiar, escolar e laboral, sobre os riscos que os xogos de azar ou semellantes supoñen ó xogador habitual e ós seus familiares.

Cuarto. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten admitido que as consecuencias prexudiciais que para as persoas consumidoras e para a sociedade no seu conxunto comporta a actividade do xogo xustifica a imposición de límites e de exixencias co fin de controlar os riscos e de acadar os obxectivos fundamentais de prevención da incitación ao gasto excesivo en xogo e de loita contra a adicción ao xogo e contra a fraude.

A Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia constitúe o marco normativo que ampara a intervención administrativa en materia de xogo que, pola súas características intrínsecas, fai necesaria o establecemento de mecanismos que ofrezan seguridade ás persoas usuarias dos xogos, garantan a protección das persoas menores de idade e daquelas persoas que o precisen por motivos de saúde e permitan velar pola orde pública e polo desenvolvemento regular dos xogos.

Dentro dos principios reitores en materia de xogo, a dita norma establece que as distintas consellerías colaborarán e promoverán políticas de prevención, desenvolvendo actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptando medidas tendentes a desincentivar os hábitos e as condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais máis vulnerables.



Quinto. De acordo co recollido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, económico ou humanitario.

Sexto. A Consellería de Facenda e Administración Pública considera de interese colaborar con AGAJA na celebración do 25º Congreso Fejar 2025, do que é coorganizadora, por canto constitúe un foro de actualización e dinamización, dirixido a persoas usuarias e familiares pertencentes aos centros integrados en FEJAR. Nel tamén participan profesionais terapéuticos, que proporcionan información sobre novidades terapéuticas e tratamentos, axentes sociais de distintos ámbitos da actividade de xogo, así como autoridades locais, autonómicas e nacionais que poden recoller as inxerencias e reivindicacións do colectivo co fin de trasladalas á práctica das políticas públicas.

Deste xeito, procúrase afondar no coñecemento da adicción ao xogo e as súas implicacións persoais e sociais. Preténdese así contribuír a minimizar os riscos sociosanitarios vinculados ao xogo e reducir as probabilidades dos colectivos máis vulnerables de desenvolver un problema de adicción ao xogo ou, de ser o caso, dunha recaída. En canto que se enmarcan no conxunto de actividades orientadas á prevención de condutas aditivas vinculadas ao xogo e á protección da saúde dos colectivos de poboación máis vulnerables, as ditas actuacións comportan un claro beneficio social e público.

Polas mesmas razóns, considérase de interese colaborar con AGAJA na organización do acto central que se celebrará o 18 de outubro de 2025 no marco das actividades organizadas con motivo do seu 35º aniversario.

Sétimo. Polos motivos descritos concorren razóns de interese público para o outorgamento da subvención, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada asociación a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo.

A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, dado que as actividades obxecto do convenio forman parte das liñas de actuación da consellería, existe mutuo interese en axuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns as partes asinantes e, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio consiste na concesión dunha subvención directa por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública en favor da *Asociación Gallega de Jugadores Anónimos (AGAJA)* para a organización e celebración do "25º Congreso Fejar 2025" que se celebrará en Vigo os días 3, 4 e 5 de outubro de 2025, baixo o título "*Remando hacia la rehabilitación*"; así como para a celebración do acto central dos organizados para conmemorar o 35º aniversario da asociación, que terá lugar en Vigo o 18 de outubro de 2025.

Segunda. Orzamento

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 133.050, € (IVE engadido) coa seguinte desagregación:

- a) O custo estimado para a organización do "25º Congreso Fejar 2025" ascende a 118.200 € (IVE incluído).
- b) O custo estimado para a organización do acto central do "35º Aniversario de AGAJA" ascende a 14.850 € (IVE incluído).

Terceira. Obrigas da asociación AGAJA

A asociación AGAJA queda obrigada a:

- a) Destinar os fondos percibidos ao pagamento das actuacións referidas na cláusula segunda.
- b) Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento concedido en virtude deste convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel, e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas exixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.



Cuarta. Obrigas da Consellería de Facenda e Administración Pública

A Consellería de Facenda e Administración Pública costeará o importe da subvención na cantidade de cinco mil euros (5.000,00 €), coa seguinte desagregación:

- Dous mil euros (2.000 €) destinaranse a sufragar os gastos derivados da celebración do "25º Congreso Fejar 2025".
- Tres mil euros (3.000 €) destinaranse a pagar os gastos ocasionados pola organización do acto central dos previstos para conmemorar o 35º aniversario da asociación AGAJA.

A achega realizarase con cargo na aplicación orzamentaria 10.01.611A 481.10 (Código proxecto 2018 00106) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

Esta achega contribuirá exclusivamente co custo de organización e realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes poida obter lucro ningún a partir delas. En concreto, subvencionaranse os gastos relativos a publicidade e comunicación, así como os ocasionados para satisfacer os honorarios e desprazamentos dos poñentes que interveñen.

Quinta. Xustificación e libramento dos fondos

A achega económica da Consellería de Facenda e Administración Pública realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG).

Para poder percibir o importe de subvención, respecto do pagamento a conta ou do pagamento total da subvención, a asociación AGAJA entregará a seguinte documentación:

- A conta xustificativa dos gastos totais subvencionables, acreditados mediante facturas e os correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, debendo especificarse o acto que orixina cada un dos referidos gastos, así como se deriva da organización do "25º Congreso Fejar 2025" ou da celebración do "35º aniversario da asociación AGAJA".
- O representante da asociación acreditará a realización do gasto subvencionable mediante certificación.
- Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas, como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.



En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá presentarse á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública antes do día 30 de novembro de 2025.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Sexta. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Sétima. Causas de resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial por parte do beneficiario das súas obrigas recollidas neste convenio, sen prexuízo do establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, das supostos e obrigas de reintegro.

Oitava. Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1 letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais.



Novena. Xurisdición

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Décima. Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada polo secretario xeral técnico e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública e o presidente da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, poñendo fin á vía administrativa.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes:

As súas funcións serán:

- a) Seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- b) Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

Décimo primeira. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de setembro de 2025.

Décimo segunda. Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade delas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.



Décimo terceira. Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En proba de conformidade co que antecede, ambas as partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar indicado e na data da súa sinatura dixital.

En representación da Consellería de Facenda e Administración Pública
O conselleiro
Miguel Corgos López-Prado

En representación de AGAJA
O presidente
José Luis Comesaña Lorenzo

